

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 2 CINTA 32



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0032_002B_en_0_00_35_id530_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0032_002B_en_0_00_35_id530.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a vixésimo primeira das 28 entrevistas realizadas a Enrique Parcerro Chapela e a María Pérez por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

Os informantes explican o significado de diferentes refráns relacionados co mar.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 25 de agosto de 1992
- **INFORMANTES:** Enrique Parcerro Chapela e a María Pérez
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé ou entre parénteses () para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que din o ou a informante están sinaladas con: (?).

Cando intervéñ María Pérez na conversa está indicado con: “(María)” antes do texto.

PALABRAS CHAVE

mar, refrán, dito, mariñeiro, solla, sardiña, san Xoán, gaivota, climatoloxía, lúa, chuvia, vento

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 32

- P: E todo no que estuvemos falando así me iba decindo refráns.
- R: ¿Como?
- P: Ibame decindo refráns, tenme dito bastantes refráns, ¿acordase dalgún refrán máis?
- R: Refráns...
- P: Relativos ó mar.
- R: Si.
- P: Algúns peixes; a raia por exemplo, dise que está mellor a comida nos meses de r.
- R: Da r.
- P: Pero non ten refrán non se lle fai refrán.
- R: Non, refrán non ten; a raia con r, a...
- P: A solla si.
- R: A solla si, a solla á caída da folla, aí está; é desde diciembre en diante, cando está mellor.
- P: Cando está mellor, por iso.
- R: Si.
- P: A sardiña tamén.
- R: A sardiña...
- R (María): A sardiña en San Juan pinga no pan.
- R: A sardiña mentres non sea San Juan, están secas; de San Juan en diante xa pinga no pan, en San Juan pinga no pan e en maio...
- P: Pinga no borrallo
- R: Pinga no borrallo; quere decir que asas unha sardina en maio, e pinga algo enriba da brasa pero no pan inda non molla, e de San Juan en diante, ou sea de junio en diante, xa empeza a mollar o pan, xa empeza a coller grasa.
- P: Despois cando... en setembro iso non hai.
- R: Despois xa nada, despois xa vai hasta o remate.
- P: E outros...
- R: No maio cólleas polo rabo, non
- R (María): En abril...
- R: En abril cólleas polo rabo e deixaas ir; quere decir que están delghadas de todo, que non sirven para comer aínda. Cólleas polo rabo e deixaas ir. Pero sin embargo cómense
- R (María): Non é que agora xa están boas, ten que ser aquí da ría. Antes no abril non podías comer o peixe
- R: Porque viña de fóra, e estas agora críanse na ría; o peixe da ría sempre estuvo máis gordo que o de fóra. O mesmo pulpo, é máis gordo que o de fóra. Ten outro comer ou o que sea, eu non sei.
- P: ¿E un peixe ten así un refrán tamén de que é boa a comida?
- R: Pode haber pero...
- P: E relativos ó tempo, para dar mal tempo.
- R: Ai bueno, o tempo...
- P: Os arroaces.
- R: Os arroaces, hai alghúns que lle poñen, pero non vaias a pensar.
- P: Arroaces no porto temporal no horto ou algo así, non?
- R: Non sei pero...
- P: ¿Gavotas en terra?
- R: Ai sí, as gavotas en terra mariñeiros á merda, porque veñen pónense altas ¿non sabes? non é que veñan aquí, porque aquí veñen en todo momento; quere decir que pónense altas, arrímanse ó monte, e cando sinten mal tempo, arrímanse ó monte e... Despois hai outros, pero acórdanche cando é o momento do...
- P: Si é o que falamos o outro día, ó mellor está falando e vanlle saíndo, pero no momento...
- R: No momento do cando é.
- P: O ceo escamento, xa faláramos, ou frio ou chuva ou vento.
- R: Si, ou chuva ou vento.
- P: E a lúa con cerco, chuva de cerco.
- R: Circo la luna, seca la cuna, que a las 24 horas lluvia ou así, dentro de dos días lluvia; quere decir, que cando a luna leva circo está para chover. Sin embargo, fíjate ben, estando nos derribados con mal tempo en Leixós, xa Suso o Pirinol, que o debeches conocer.
- P: Si xa me dixera, que era o home de señora Pastora.
- R: Era o home da faneca
- R (María): Da carioca

R: Ou digo da carioca; estabamos alí, el tamén estaba a bordo, non me acorda quen era o patrón do barco, non sei se era Jesús de Tanoura, parécese que era o de Tanoura, o fillo de Tanoura o máis vello ¿como lle chaman?

R (María): José

R: José pero...

R (María): Chamábanlle o Piscoso

R: O Piscoso, e verdá chamábanlle o Piscoso. Parécese que era ese. Entón preguntámoslle a un portugués que viña po barco porque alí en Portugal á noite iban para terra en Leixós e iban a durmir a casa e as catro e cinco da mañan viñan todos, e preguntámoslle estabamos derribados nos alí co mal tempo e preguntámoslle: “Que, maestro, que día...”. El púxose a mirar así pa arriba (pon acento portugués) “Circo á lúa, chuva ninguma” Fíjate, nós aquí “circo en la luna seca la cuna”, e eles “circo á lúa chuva ninguna”, así que hai diferenca de uns a outros. E eu pa min os refráns todo é combinarlles os verbos, todo é facer combinación cos versos.

P: Son experiencias que case seguro ventan algo xa.

R: Algho si.

P: E fan unha especie dun verso para que cadre.

R: Para que cadre, tal como esa das rubias ó mar, esa xa é certo; como haxa rubias o mar non hai mal tempo, non chove.

R (María): Algunhas cousas tamén son certas, o pan da amoria tamén é certo.

P: ¿Pero cómo é?

R (María): “*Blanco fue el nacimiento, encarnado mi vivir*” cando está sabes que se pon encarnada.

P: Ai eso é unha adivinanza, si.

R (María): E “*solo me cubre de negro cuando me voy a morir*”, que é cando a comes.

R: E cando están maduras.

R (María): Eso é un refrán.

R: Eso non é un refrán.

P: Eso é mais ben unha adivinanza

R (María): Unha adivinanza pero é real.

P: Si é real claro, que define.

R (María): É real.

R: É o que dice, o que é o fruto da amoria iso.

P: E hai así mais para definir ó mellor deses, ou algún tipo de peixe. As ameixas non tiñan...non se lle aplicaban refráns para collelas ¿non?

R (María): Que eu sepa non.

R: A ameixa para collela que baixe o mar e que non sea mui vivo. Nin que lle chova, porque a chuva tamén lle tapa o buraco.

R (María): Tapa os buracos pero non lle fai dano.

R: Pero cérrallo, non vos deixa mirar o buraco.

R (María): Ai pero ó eito non.

R: Ai ó eito, pero ó eito hai que aghachar máis o lombo.

P: E refráns que poidan, que teñan relación así co tempo, coas nubes e con iso coa luna, non se acorda ¿non?

R: Pode haber algún...

R: Bueno despois ó mellor si se acorda así como salga.